



Camiño da Geira e dos Arrieiros

Etapa Beariz-Codeseda

O Camiño da Geira e dos Arrieiros comeza, na provincia de Pontevedra, no Pico de Costoia, unha atalaia milenaria que separa os concellos de Beariz e Forcarei. Desde alí agárdannos pouco máis de 33 km de dificultade moderada que nos permiten descubrir un interior fascinante.

Comezamos o descenso, a través da pista forestal, duns 2 km aproximadamente, ata a aldea de Pardesoia e avanzamos por asfalto ata o cruceiro e igrexa de Santiago de Pardesoia do século XV onde podemos resgardarnos da chuva e o sol ou coller auga.

Continuamos uns 3 km ata a vila de Soutelo de Montes cunha ampla oferta de servizos e hostalería e onde podemos visitar os petos de ánimas da Virxe das Angustias e da Concepción, do século XIX e típicos das encrucilladas dos camiños.

A ruta continua polas aldeas de Ventoxo e Acevedo e a área recreativa da Freixeira ata Ponte Gomial, unha ponte arrieira do século XV sobre a que cruzamos o río Lérez para iniciar un ascenso duns 4 km por camiño maioritariamente forestal ata a aldea da Mámoa, a 700 m de altitude, que debe o seu nome á necrópole da Idade de Ferro.

Despedímonos da parroquia de Castrelo para adentrarnos no concello de A Estrada pola vía provincial que nos conectará cun dos fitos do camiño, o Santuario de Nosa Señora de Guadalupe en A Grela, do século XVIII.

Desde aquí o camiño nos leva en suave descenso ata a Codeseda para rematar a etapa nesta aldea na que poderemos descansar e acceder a servizos de utilidade ao tempo que visitar a súa igrexa orixinaria do século XII.

Etapa Codeseda-Rarís (Pontevea)

Nesta etapa suave, e de 28 km aproximadamente, saímos de Codeseda desde o Cruceiro da Feira do século XVIII para continuar por estrada ata a ponte



sobre o río Umia e avanzar por pistas rurais rodeadas de carballeiras e prados ata Tabeirós, onde podemos visitar o seu peto de ánimas, a igrexa de Santiago de Tabeirós de orixe románica e repoñer forzas na cantina da localidade.

Continuamos ata a igrexa de San Xiao de Guimarei e a torre medieval de 10 metros de altura, a carón das ruínas do pazo co mesmo nome. Estamos a apenas a 1 km da vila de A Estrada, na que poderemos atopar todos os servizos que precisamos para o Camiño e pasear pola súa arquitectura modernista e zonas de lecer preto da Casa do concello e da Praza da Farola.

Abandonamos A Estrada somerxéndonos no val do Ulla por unha vía asfaltada e de suave pendente que nos leva á igrexa de San Pedro de Toedo, do século XVI, precedida por un fermoso cruceiro. A 4 km, atoparemos a capela de Nosa Señora de Aránzazu do século XIX e seguimos por camiños tradicionais ata a fermosa área recreativa da Fonte do Barco para rematar esta etapa na ponte de Pontevea sobre o río Ulla; un ben de interese cultural de orixe medieval con seis monumentais arcos oxivais que separan as provincias de Pontevedra e A Coruña.